



A AELG impulsa un convenio literario para fortalecer o diálogo entre Galiza e Palestina

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega dará un novo paso na súa relación con Palestina coa sinatura dun convenio de colaboración coa Unión Xeral de Escritoras e Escritores Palestinos, nun acto que coincidirá coa entrega do recoñecemento ao Escritor Galego Universal 2026.

Redacción 20 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/aelg-impulsa-convenio-literario-fortalecer-dialogo-entre-galiza-palestina/20260320151523250977.html>

A **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** asinará un convenio de colaboración coa **Unión Xeral de Escritoras e Escritores Palestinos** coincidindo coas datas de entrega do recoñecemento ao **Escritor Galego Universal en 2026**.

Este galardón recaerá no escritor palestino **Basim Mohammad Saleh Adeeb Al-Khandaqji**, que será homenaxeado no marco da gala dos **Premios Follas Novas do Libro Galego**, prevista para o vindeiro **9 de maio** en Santiago de Compostela.

O acordo entre ambas entidades reforza os lazos culturais e literarios entre Galiza e Palestina, promovendo o intercambio entre autoras e autores, así como a visibilización das respectivas creacións en lingua propia.

Trátase, ademais, **dunha relación que xa se fixera patente en 2024**, cando *Nós Diario*, en colaboración coa AELG, **agasallou un caderno especial de 32 páxinas** con poemas de autoría colectiva, que reunía obras de 23 escritoras e escritores palestinos: desde voces clásicas de referencia até autoras e autores no exilio ou vítimas da violencia exercida por Israel.